



EN 1º E 2º DE ESO ESCRIBIMOS...

ESPERTAR

O sol levantouse,
e fíxose día,
esperta os paxaros
que voan coa alegría.

O regado volve,
de novo a correr;
os peixes nadaban,
buscaban de comer.

O ceo pintouse
de azuis cores;
a terra volve á vida
despois da longa noite:

Dende a ventá me chegan
vivas e alegres cores,
que me fan saltar da cama
para que mire ben lonxe.

CARLOTA CASAL VÁZQUEZ, S2B

O AMENCER

Víase o amencer
dende a beira da ría,
e co sol saíndo
vin a lúa que se ía.
O sol poñíase
e no mar lucían
os raios que brillaban
sobre os barcos que saían.

ANDREA VÁZQUEZ VARELA, S2C

O AMENCER

Un amencer é
como comeza o día,
con claras cores
e moita alegría.

Un amencer é
o saír da claridade,
que fai que espertedes
aínda que durmades.

Un amencer é
luz e bonitas cores,
un momento marabilloso
para que te namores.

Un amencer é
o rematar da escuridade,
cando se van as estrelas
e desaparece a soidade.

UXÍA PARRADO LÓPEZ, S2A

A GAITA NO VERÁN

Paxariño, voa libre,
con ganas ponte a voar,
cunha forza increíble,
faime soñar.

Mais xa volverán,
na estación do verán,
as árbores florecerán,
e as tristezas marcharán.

Todo foi un soño
dunha tarde de verán,
espertei estremecida
no medio do serán.

No verán xa estou,
unha gaita xa teño,
toco o saxofón,
grazas ao meu avó Ramón.

Que che pasa, gaita?
a nosa gaita chora,
dime que che pasa,
dimo, que non soa.

Gaita gaiteira,
gaita con dozura,
fermoso instrumento,
que ben soa!

Dimo que entristezo,
só niso pensar,
que a nosa cantiga
xa vai rematar.

PATRICIA VÁZQUEZ LOUREIRO, S2A

GALICIA

Galicia é unha rosa
doce e cariñosa,
sinxela e mimosa,
paréceme fermosa.

Que fermosa Galicia,
Galicia cantareira,
que fermoso mar,
e que alta cordilleira!

Cos seus mariscadores
e cos pobres labradores,
xente rica, mais sinxela,
xente pobre, mais labrega.

A miña terra querida,
pero tamén a máis doída,
por aqueles que emigraron
a buscar mellor vida.

Nela hai guerras e non só iso,
senón disparos e sangue,
ata pelexas e disputas,
todo iso abrangue.

O seu son é fermoso,
e o seu cantar fai soñar
co lugar máis verdoso
que alguén puidera imaxinar.

Nun lugar estiven
tamén en Portugal,
pero ningún sitio mellor
que a miña Galicia natal.

PATRICIA VÁZQUEZ LOUREIRO, S2A

A TI, LUGRÍS

O noso galego
sentiches moi teu,
desde neno.
Paisano Lugo,
no 2006, de ti
tampouco nos esquecemos!
E coma ti
aló onde vaiamos
o noso, que é o teu galego,
tamén o espallaremos.

BEA, LI, VANE



EN 1º E 2º DE ESO ESCRIBIMOS...

CANTO MÁIS CABALO... MÁIS TOLO

Érase un cabalo voador que se sometera a diversas operacións de cirurxía para ser o cabalo máis grande e máis peludo do mundo; tamén tinxira a súa pel con pigmentos extraterrestres dun verde pistacho que daba noxo. Pero nas diversas operacións fixeron cousas que non viñan a caso, e agora tiña tres patas e tres orellas. Eran negligencias médicas, aínda que se podía pensar que era un cabalo "tuneado".

O cabalo tiña serias dificultades para andar, lóxico, con tres patas éralle imposible. Visitou fadas, meigas, bruxas e médicos da seguridade social, estes últimos nin sequera a atenderon... había un colacao...

Estaba desesperado, non podía ir ás súas amadas clases de "Danza para cuadrúpedes" e iso que xa tiña o "maillot" mercado, non era época de eleccións, polo que ningún partido político lle prometería que se saía elixido reembolsarlle os cartos, non señor!

Mercou unha pata de xamón, pero non había maneira de pegala no oco que lle deixara a perna, así que comeu o xamón e despois decidiu suicidarse porque engordara e non se daba nin sequera arrastrado.

IMAXINOU

Imaxinouse collendo un avión, levando unha bomba e despois secuestrándoo e estrelándoo contra o MacDonalds de New York, e así as forzas estadounidenses aparecerían intentando salvar o seu único patrimonio cultural e daríanlle morte; pero nisto que ía voando e un camión empurrouno, fíxoo caer por un terraplén, deu na M-30 e pasáronlle moitos coches por riba, xa que era hora punta e tiñan que ir ao traballo. Alí morreu, o seu espírito subiu ao ceo dos cabalos xunto co hánster da súa prima.

Agora vive no ceo con outra identidade, chámanlle Charlie e é modelo de Pernas.

CARLOTA CASAL VÁZQUEZ, S2B

VIOLENCIA ESCOLAR

Cada día é máis frecuente oír un caso de violencia escolar, non só é violencia física, senón que moitas veces a violencia é psíquica, xa que o maltratador fai perder a dignidade e autoestima á súa vítima.

Na maioría dos casos a vítima padece esta situación en silencio e incluso con vergoña. Quizais esta sociedade tan permisiva e carente de moitos valores na que nos criamos sexa a responsable destes actos. Todos precisamos uns límites aos nosos actos; se hai unhas fronteiras que non podemos cruzar, estes actos non ocorrerán.

Poñendo como base o respecto, poderíamos construír unha sociedade na que vivir o día a día fose seguro.

CARLOTA CASAL VÁZQUEZ, S2B

